



*Xa está o peixe vendido andas aboiado
está como un bacalao polo rabo non ves a
boia vai limpiña como un coral é bo peixe
ten máis vista que un mascato chove a
mares anda as minchas vaia boureles cheira
ao caramuxo anda escamado trae unha boa
merluza xa está na patela anda enteando
o palangre está máis mazado que un pulpo*

De boca en boca

Tradición oral mariñeira

entre Aldán e A Guarda



Edición

Grupo de Acción Costeira Ría de Vigo-A Guarda-GAC7

Coordinación

M^a Elena Herbello Puentes

Diseño de contidos e textos

Ardora Formación y Servicios, S. Coop. Galega

Traballo de campo

Ardora Formación y Servicios, S. Coop. Galega

Fotografía

Portada e páxinas 4, 10, 18, 32, 66, 67 e 74: Arquivo Fotográfico da Asociación Cultural A Cepa de Cangas do Morrazo.

Páxinas 3 e 53: Antonio Martínez Vicente, de A Guarda.

Páxina 31: Amaro, de Cesantes, Redondela.

Páxinas 44 e 75: Cal 3 Fotografía de Redondela.

Páxina 58: María del Carmen Pacheco Barbosa, de A Guarda.

Páxina 60: Ana Rodríguez, de Cesantes, Redondela.

Páxinas 64, 79 e 81: Arquivo Xeral del Porto de Vigo. Número de rexistro 00017, 00171 e 00419, respectivamente.

Páxina 68: Familia de Benito *Tragamares*, de Redondela.

As demais fotografías son propiedade de Ardora Formación y Servicios, S. Coop. Galega.

Diseño gráfico e maquetación

Ardora Formación y Servicios, S. Coop. Galega

Ilustracións

Francisco Couto Villar

Depósito Legal

VG 887-2013

*Eres bacalao sin rabo
eres sapo sin barriga
eres sinvergüenza e vago
que máis queres que che diga*

Popular.

Recollida a Miguel O Batea, de Aldán

Limiar

1. Expresións, refráns e vocábulos cotiáns

1.1. O mar e o tempo

1.2. As persoas

1.3. Situacións en mar e en terra

1.4. As épocas en que está o peixe en comida

2. Peixes, mariscos e algas. Denominación

2.1. Peixes

2.2. Mariscos

2.3. Cefalópodos e algas

3. Artes de pesca

3.1. Antigas modalidades de pesca

3.2. Artes de marisqueo

3.3. Nasas

3.4. Ferramentas varias

3.5. A recollida do argazo

4. Costumes e supersticións

5. Alcumes mariñeiros

6. Poemas e cantigas

7. Agradecementos

8. Relación de persoas entrevistadas

9. Bibliografía e fontes documentais

Co convencemento de que a cultura inmaterial mariñeira está intrinsecamente vencellada á maneira de vivir e relacionarnos nas vilas mariñeiras, o Grupo de Acción Costeira Ría de Vigo–A Guarda–GAC7 apostou pola elaboración dun traballo de recompilación da tradición oral mariñeira que visibilizara o papel protagonista do mar na fala dos municipios costeiros de influencia do GAC-7: Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Nigrán, Baiona, Oia, O Rosal e A Guarda.

Tiñamos especial interese en plasmar as diferenzas e semellanzas á hora de nomear as distintas especies mariñas, as artes ou as maniobras de pesca, así como en recoller os alcumes relacionados co mundo do mar que siguen transmitíndose de xeración en xeración.

Sendo o noso obxectivo principal as voces e expresións que se empregan na actualidade, non quixemos perder a ocasión de incluír termos en desuso, como os asociados á nomenclatura de artes e modalidades de pesca desaparecidas ou a punto de extinguirse.

Para isto realizáronse 41 entrevistas a persoas relacionadas co mar, algunhas delas en activo e outras xa xubiladas, que xunto co apoio de fontes bibliográficas e documentais, conforman a base desta recompilación.

Vaia o noso recoñecemento para todas as persoas que colaboraron para que esta publicación vexa a luz.



1. *Expresións, refráns e vocábulos cotiáns*



1.1. *O mar e o tempo*

Predicións atmosféricas

Descrición do estado do mar

Outras expresións

Predicións atmosféricas

Saber como estará o mar antes de saír a pescar e poder facer unha predición de como evolucionará o tempo é fundamental para que a xente do mar poida planificar o seu traballo. Ao risco de poñer en perigo a vida das persoas que van a bordo súmase a posibilidade de perder os aparellos, de danar a embarcación ou de traballar inutilmente para encher as redes de argazo que despois hai que limpar.

Todo isto ponse de manifesto na riqueza do léxico asociado á descrición das condicións atmosféricas e do estado do mar e, varía, como era de esperar, entre as zonas da ría máis abrigadas e as expostas.

Atopamos, así, termos, refráns e ditos relacionados co estado do tempo e do mar, e coas características que presenta nun momento dado.



Luna deitada, mariñeiro a pe.



Predicións atmosféricas

A calma vento espera, mariñeiro ponte en vela.

A corrente para a ría sen parar, temos chuvia e vendaval.

A Praia de Panxón a roncar, bo tempo vai entrar.

A terra e o mar sempre ten que dar.

Arco da vella a poñente, mariñeiro en pé.

As estrelas a beillar, norte fresco a soplar.

As estrelas a brillar, mariñeiros para o mar.

As gavotas clo, clo, a cantar, norte duro vai entrar.

As gavotas polo alto a voar, sursueste vai entrar.

Auga fría por outra pía.

Baño no faro, chuvia de contado.

Cando a roca pon capelo, colle a vela e volve cedo.

Cando as Cíes teñen capelo, garda ben os aparellos.

Cando a Virxe da Roca pon capelo, ten coidado, mariñeiro.

Cando colles coa man Samil e Toralla venche tempo de poalla.

Cando Dios quere, ata de norte chove.

Cando fai marusía en Baiona brúa o mar que amendoña.

Ceo está escamento, ou chuvia ou vento.

Ceo pedrento, ou chuvia ou vento.

Chuvia do mar e vento da ría, todo o día de cagarría.

Empeza o patelo a aboiar, barrunta néboa e mar.

Endispois da Anunciada, noites de xiada.

Galiñeiro tapado, ceo mollado.

Gavotas en terra, mariñeiros á merda.

Gavotas ao monte, mariñeiros á corte.

Leste na ría, norte na costa.

Lúa a pé, mariñeiro deitado.

Lúa deitada, mariñeiro a pé.



Predicións atmosféricas

Lúa a saír, marea a subir.

Lúa nova con treboada, trinta días de mollada.

Lúa nova, lúa chea, pleamar ás dúas e media.

Lúa posta, baixamar na costa.

Luna de outubro, sete cubre.

Mar de andazo non faltará argazo.

Muxos coa testa aboiada, treboada declarada.

Néboa en Baredo, noroeste cedo.

Néboa na Groba, noroeste afora.

Neboeiro no monte de Aldán, chuvia na man.

Norte e lúa clara, mariñeiro, túmbate na cama.

Norte escuro, vendaval seguro.

Norte no serán, vento sur pola mañán.

O norte do sábado non chega ao luns.

O norte se é norteiro, axuda ao compañeiro.

Os corvos do mar en terra, mariñeiro vente en vela.

Ovellas no mar, ou chover, ou ventar.

Parrascos ao sueste, á mañán sursueste.

Rubias ao mar, mariñeiros a pescar.

Rubias ao mar, vellas a sollar.

Rubias ao nacente, colle os bois e vente.

Rubias ó río, vellas ó niño.

Ruído no cabalo, malo, malo, malo.

Se é do sur a ventodela, vai varar a gamela.

Se ven o vento antes que a chuva, mariñeiro déixate ir que no hai duda.

Se ven a chuvia antes do vento, mariñeiro cóllete a túa barca e métete pa dentro: porque va a ver temporal.

Semblante do Cabalo, vento sur declarado.

Sol con barbas ou vento ou augas.

Travesía, norte e pía.

Vento bragués, chuvia todo o mes.



Descrición do estado do mar

Babuxar o mar.

Facer un son xordo, similar ao que fai o vento: shhhhhhhhh, shhhhhhhhh.

Ballouco no mar.

Mar movido.

Mar embretado.

Mar moi bravo.

Mar de fondo.

Movemento do mar causado pola propagación de ondas que veñen de fóra, non polo vento que hai onde o estamos observando.

Mar en calma ou calma chicha.

Mar tranquilo, sen oleaxe.

Mar chan.

Ídem anterior.

Mar picado.

Mar de vento, movemento causado polo vento sobre a superficie do mar.

Mar rixo.

Ídem anterior.

Maré gafa.

Marea morta. Prodúcese nas lúas minguante e crecente, cando a pleamar e a baixamar non acadan as súas cotas máximas.

Maré viva.

A que se produce coa lúa chea e coa lúa nova, cando enche e

devala moito o mar.

Mareta.

Onda que fai un barco ao pasar.

Marusía/Maruxía.

Mar revolto, con moito movemento.

Marejada.

Ídem anterior.

Quedarse o mar.

Calmarse.

Roncar o mar.

Resoar fortemente o mar cando está moi bravo.



Outras expresións

Aguas cegas.

Dise da superficie do mar cando non hai ardentía.

Ardentía.

Brillo da superficie do mar, producido pola presenza de peixes ou outros organismos. Sinónimos: lampasía, augardentía.

Augacións.

Correntes.

Cairo.

Chubasco, chaparrón.

Cangrueiro.

Nube grande cargada de chuva.

Chover a mares.

Chover moito.

Chuvia de pernas largas.

Chuvia de pingas gordas e raras.

Estar o cabo de balea serrado.

Estar mal tempo.

Estar o gorro de Meira tapado.

Estar o ceo cuberto nesa zona, indica chuva.

Galerna.

Temporal moi forte.

Garroada.

Nortada, vento forte do norte.

Gurgullada/Burbullada.

Burbullas na superficie do

mar. Indican a presenza de peixes.

Haber/lr unha serrasina.

Haber néboa pechada.

Lestía.

Vento que ven do leste, na Ría de Vigo, de terra a mar.

Maraxe.

Vento fresco de verán, do suroeste ou oeste. Sopra do mar á terra.

Perrilla.

Vento do nordeste que sopra de mañá.

Travesía.

Na Ría de Vigo, vento do noroeste.





1.2. As persoas

Atributos físicos e cualidades

Comportamentos e actitudes

1.2. *As persoas. Atributos físicos e cualidades*

Os termos propios da fala mariñeira empréganse a cotío para describir o físico das persoas. Abundan as comparacións e metáforas que toman como referencia partes da anatomía de aves, peixes e moluscos, baseadas na observación directa e na aplicación de boas doses de retransca.

Igualmente atribúense ás persoas características propias dos animais mariños á hora de representar esaxeradamente certas cualidades, actitudes ou comportamentos, como os que se describen a continuación:

Cara de faneca.

Mala cara, de cansazo, ou de resaca.

Cheirar ao caramuxo.

Cheirar mal.

Estar como o bacalao polo rabo.

Estar delgado/a, ter poucas carnes.

Estar como unha foca.

Estar gordo/a.

Estar como unha quenlla.

Estar alto/a e fraco/a.

Estar seco/a ou esquellado/a como un arenque.

Estar delgado/a.

Estar sucio/a ou morrado/a como un choco.

Ir moi sucio/a.

Estar feito/a un rañorte.

Estar forte ou ser duro/a.

Ir/Estar limpo/a como un coral.

Ir moi aseado/a.

Estar como un bucio.

Estar gordo/a.

Ir/Vir coa roupa do robalo.

Estar vestido/a de calquera maneira, con roupa vella.



Atributos físicos e cualidades

Ollos de berete.

Ollos grandes.

Ser unha faneca da oca.

Estar moi delgado/a.

Ter bico de maragota.

Ter os beizos carnudos.

Ter boca de rabada.

Ter a boca grande.

Ter un cu como unha popa.

Ter o cu grande.

Ter unha vista como un mascato.

Ter moi boa vista.

Ter uns bos boureles.

Ter os peitos grandes unha muller. Os boureles son as boias do xeito.



Boureles



Comportamentos e actitudes

Andar a toque de beta.

Andar moi apurado/a.

Ando a toque de beta, que chego tarde á lonxa.

Andar aboiado/a.

Ir sen rumbo fixo, á deriva, perdido/a, desorientado/a.

Manolo anda aboiado, non sabe se vai ou se volve.

Andar aboiado/a como peixe na ría/como corcho nunha rilleira.

Idem anterior.

Andar ás minchas.

Andar a perder o tempo, sen sacar proveito.

Ese anda ás minchas, outra cousa non sabe facer.

Andar escamado/a.

1. Andar queimado/a, zurrado/a por algunha cousa.

Berroulle o patrón e agora anda escamado.

2. Sospeitar de algo ou de alguén, desconfiar.

Anda medio escamado coa muller.

3. Andar oculto/a, fuxindo, a escape.

O Parrulo anda escamado, non quere que ninguén vexa onde larga as redes.

Andar moito por estribor.

Escaquearse, fuxir das obrigas ou responsabilidades.

Traballa, rapaz, que andas moito por estribor.

Andar/estar pancho/a.

Estar tranquilo/a, a gusto.

Botáronlle un responso e quedou tan pancho.

Botar máis borro que un choco.

Dicir mentiras.

Non é de fiar, bota máis borro que un choco.



Comportamentos e actitudes

Estar mazado/a ou cansado/a como un pulpo.

Estar moi canso.

Voume deitar, que estou mazado como un pulpo.

Facer os cambios antes que os xurelos/fanecas.

Adiantarse a unha situación.

Maruxa, deixa estar, que sempre fas os cambios antes que as fanecas.

Facer os cambios dos pulpos antes de pescalos.

Ídem anterior.

Galiña no mar, galo en terra.

Dise do mariñeiro que non rinde no mar pero é o primeiro en saltar cando se chega a terra.

Ir/Vir coa cheminea a popa.

Estar bébedo/a.

Ás doce da mañá xa ía coa cheminea a popa.

Ir ao garete.

Fracasar.

Este negocio vai ao garete en menos de nada.

Mariñeiriño ten lengüiña, aínda que non teñamos forciña.

Indica que é máis sinxelo dicir algo que facelo.

Metela a bordo sen bicheiro.

Enganar a alguén con mentiras.

Meteulla a bordo sen bicheiro, tiñas que velo!

Meter unha boga a alguén.

Timar.

Disque era un bo negocio e metéronme unha boga.

Moito pico mariñeiro, moito pico.

Indica que alguén fala moito pero non fai nada.



Comportamentos e actitudes

Saber a agulla de marear.

Ser espabilado/a, terlle collido o punto a algo.
Con catro anos xa sabe a agulla de marear.

Se non queres ir non vaias, pero a patela tela na porta.

Emprégase para dicirlle a alguén que non ten excusa para deixar de facer algo, que ten todo a favor.

Ser como a carioca co rabo na boca.

Ser unha persoa ou situación moi repetitiva.
Sempre igual, como a carioca co rabo na boca.

Ser como o rizón.

Ser un inútil.
Non vales para nada, es como o rizón.

Ser como unha anguía.

Ser rápido e escorregadizo.
Non hai quen o colla, é como unha anguía.

Ser jinete fino.

Ser bo patrón, ser un patrón experimentado.
Alá onde bota un lance, colle peixe, é jinete fino.

Ser patrón de nariz.

Patrón que vai pescar ao cheiro dos demais, é dicir, que está pendente de onde teñen boa pesca outros barcos para ir pescar ao mesmo sitio.
Ese non ten idea, só é patrón de nariz.

Ser (como) unha lapa.

Ir pegado a outra persoa.
Vaite de aquí, que es como unha lapa.

Ser máis bruto que un tolete.

O tolete é a peza onde se coloca o remo para remar.
Saca de aí, que es máis bruto que un tolete.



Comportamentos e actitudes

Ser un bacalao de carallo.

1. Ser un bo elemento, ser persoa pouco fiable.
Ese é un bacalao de carallo, non lle deixes cartos.
2. Ser un preguiceiro, lacazán.
Ese é un bacalao de carallo, pasa o día a durmir.

Ser un peixe de carallo.

- Non ser persoa de fiar.
Non te fíes del, que é un peixe de carallo.

Ser un bichicoma.

- Vivir a costa de outros.
Ese é un bichicoma, nunca pegou golpe.

Ser un mar manso.

- Ser unha persoa tranquila.
Non lle teñas medo a Paco, que é un mar manso.

Ser un mariñeiro do monte.

- Non ter coñecementos de mar, aplícase a unha persoa cando non é sabedora dun tema.

Vaste fiar dese, muller... ¿Non ves que é un mariñeiro do monte...

Ser un patrón sen natura.

O que pola mañá non fai nada e pola tarde non traballa.

Ser un remo torto.

Ser torpe.
Rapaz, rompes todo, es como un remo torto.

Ser unha lura.

1. Ser unha persoa que agocha as intencións, que non é clara nin de fiar.
Ese é unha boa lura, calquera se fía del.
2. Ser unha persoa aproveitada, que non perde a ocasión de posicionarse.
Vaia lura, non perde unha...



Comportamentos e actitudes

Ser/Ter boca de salabardo.

Dise da persoa que fala escandalizando, cando non debe ou que fala de máis.

Vaia boca de salabardo ten a filla do Roxo, non fai máis que xurar.

Tal para cual maragota e media.

Indica que dúas persoas se complementan.

A filla do Chacho xuntouse co fillo do Larexo; tal para cual, maragota e media.

Sinónimos: *Ti por ti, maragota e media.*

Tres por tres, maragota e media.

Traer unha faneca.

Andar despistado, a durmir.

Vaia faneca traes, Vituco, vai durmir...

Traer unha marea.

Estar bébedo.

Traía unha marea que non coñecía nin á muller.

Traer unha merluza.

Estar bébedo.

Traía unha merluza que houbo que levalo á casa.

Tragar como un mascato.

Comer ás presas, engoleando a comida.

Piliña, tragas como un mascato!!

Vender o peixe antes de pescalo.

Adiantarse, anticiparse.

Para aí, que ti xa vendes o peixe antes de pescalo.

Vender (peixe)podre.

Falar mal de alguén, levantar calumnias.

Nena, non vendas peixe podre, que sexa fresco.

Vogar a dous remos.

Tratar de aproveitar dúas posibilidades a un tempo.

Amaro voga a dous remos, anda coa Paca e tamén coa Divina, calquera día vai levar unha malleira.



1.3. *Situacións en mar e en terra*

Apesca e as capturas

As ganancias

Éxito e fracaso

Outras expresións

Outros termos mariñeiros



1.3. *Situacións en mar e en terra. A pesca e as capturas*

Existen numerosos refráns e expresións mariñeiras para describir as distintas situacións diarias que se dan a bordo. Nalgúns casos están relacionados coa abundancia ou coa penuria de capturas, noutros coas faenas habituais da tripulación, coa xerarquía a bordo, o tempo de descanso ou co reparto das ganancias.

En moitos casos estas expresións aplícanse de maneira ilustrativa a situacións que se dan en terra.

Á arte non ganas parte.

A muller do mariñeiro cando hai peixe ten diñeiro.

Á rapeta non ganas para a saqueta.

As que tratan en sardiña comen galiña.

Barco fondeado, amo amolado.

Barco grande, ande ou non ande.

Co mal tempo non vaías e co bo tempo non te arrugues.

Das mulleres e o vento sempre por barlovento.

É mellor cuarta de vela que cen remos de galera.

Mariñeiro famento vai pescar con mar e vento.

Navegar contra o vento é perder o tempo.

O que coma antes de ganalo, excusa bolsa para gardalo.

O xeito asenta o peito.

Onde hai patrón non manda mariñeiro.

Para ser un bo congreiro hai que ser un bo pulpeiro.

Parte e reparte para ti a mellor parte.

Patrón a mandar, mariñeiro a traballar.

Se queres aprender a rezar, vai ao mar.



A pesca e as capturas

O peixe pequeno –sardiña, chincho, bocareu, bogón- vendíase por unidades. As cantidades variaban en función de que a transacción se efectuara para consumo directo ou para intermediarios. Así, podía venderse por *mandas*, por *ducias*, por *centos* ou por *milleiros*.

Unha manda eran catro unidades, polo que un cento estaba composto por 25 mandas. Cando o peixe se destinaba aos intermediarios botábase dúas mandas (oito peixes) a maiores por cada cento, por si se estragaba algún.

Man.

Cantidade de peixe equivalente á que colle nunha man. Empregábase para peixe pequeno.

Patela.

Medida equivalente ao contido dunha patela, cesta de man cadrada, de borde baixo. Dependendo da zona, podía levar 8, 10 ou 12 quilos.

Cesta.

100 quilos. Equivale a dous queixóns ou dez patelas.

Queixón.

Recipiente cúbico de madeira de 48 x 48 cm con asas de ferro e buracos para que descargara a auga. Equiparábase a 50 quilos ou cinco patelas. Utilizábase como unidade de medida tanto para as especies que se capturaban co cerco como para o marisco.




A pesca e as capturas

Sampalé/Zumbalé/Simbaleu*.

Vara de madeira que servía para transportar o queixón. Levábase entre dúas persoas, unha diante e outra detrás.

Targa.

Chapa de metal que recibía a parella de mariñeiros cando ían descargar o queixón. Por cada queixón entregábanlle unha targa coa marca da fábrica, para controlar os queixóns descargados. Despois había que entregalas na oficina para que lles fixeran un recibo.



* *Sampalé* en Moaña, *Zumbalé* en Redondela e *Simbaleu* en Baiona



As ganancias

A forma de repartir ás ganancias era *á parte*, é dicir, que cada mariñeiro levaba unha porcentaxe das ganancias unha vez descontados os gastos. Ademais, recibían pago en especie, que consistía nun lote de peixe, denominado *quiñón*. Por tanto, cobrábase en función do que se pescara e do prezo ao que se vendía.

Cada parte estaba composta por catro *cartóns*. Os rapaces que se iniciaban no mar cobraban *media parte*, é dicir, dous cartóns, aumentando progresivamente a $\frac{3}{4}$ partes e/ou a unha parte enteira cando o decidira a tripulación, en función dos seus méritos e habilidades a bordo.

Non obstante había diferenzas á hora de establecer o cálculo da parte, en función dos oficios e dos usos e costumes de cada porto e de cada armador. A clave está na asignación dos distintos gastos e nas

porcentaxes atribuídas ao armador e á tripulación, que tamén foron variando ao longo do tempo. Se o sistema era o *medianil*, a metade ía para o armador e a metade para a tripulación.

O funcionamento xeral era o seguinte: do *monte maior* ou importe bruto da venda descontábanse unha serie de gastos, e despois facíase a parte do armador e dos tripulantes.

Os tripulantes cobraban en función dos días traballados e das tarefas realizadas. Por exemplo, os que reparaban as redes podían levar un *quiñón* de peixe ou *media parte* a maiores do que xa lle correspondía por dereito. O mesmo ocorría cos tripulantes das embarcacións de palangre, que recibían un diñeiro extra por *alístico* palangre.



As ganancias

Noutros casos, como nas embarcacións de enmalle de A Guarda, o reparto era diferente. Descontábanse do monte maior os gastos de víveres, seguridade social e xeo e facíanse tres partes –*os terzos*–:

1. Unha parte para o armador, na que asumía os gastos de combustible, mantemento da embarcación e pago do motorista.
2. Unha parte para a tripulación.
3. Unha parte para o gasto das redes, que se repartía entre a tripulación. Neste sistema as redes eran aportadas polos mariñeiros, que se ocupaban de armalas, reparalas e repoñelas. Cada tripulante tiña que levar unha cantidade de redes asignada. Ao mariñeiro que non aportaba redes chamábanlle *mieiro*.

En Cangas e Moaña, na pesca do cerco a tripulación cobraba a parte, o quiñón e o changüí. O changüí era un extra que a tripulación recibía en función das capturas. Ata dez cestas repartían o valor da venda dunha cesta en concepto de changüí e, a partir de dez cestas o valor de dúas –*changüí dobre*–. Tamén se denominaba changüí aos cartos que obtían os mariñeiros por vender o peixe que recibían en concepto de quiñón.

Na actividade de palangre, a tripulación percibía o *matute*, que era un ingreso extra derivado da venda das capturas que os mariñeiros pescaban con liñas e chivos propios, ou de peixes que viñan misturados no medio da especie obxecto da pesqueira.

Nalgúns casos emprégase indistintamente *matute* ou *changüí* para designar aos ingresos extras da tripulación.



Éxito e fracaso

Dar un blanco.

Facer un lance e non coller peixe. En sentido figurado, intentar ligar e non ter éxito.

Xuco foi botar o palangre e dou un blanco.

Estar o mar queimado.

Non haber pesca no mar.

Estar o mar seco.

Ídem anterior.

Haber peixe como area.

Indica abundancia.

Naquel tempo, aquí había peixe como area.

Hoxe cubreu.

Indica que hoxe pescouse, como mínimo, en cantidade suficiente para cubrir os gastos.

Ir colar auga.

Expresión que indica fracaso á hora de pescar.

Ricardo, ¿como che foi?

Nada, meu amigo, hoxe fun colar auga.

Levar peixe ata no entrepunte.

Levar o barco cargado de peixe.

Figuradamente, estar un local ou un medio de transporte moi cheo.

Triunfaron na inauguración do bar Varela: había peixe ata no entrepunte.

Non asinar peixe.

Non ter éxito nas capturas. Tamén se usa para indicar que non se ten éxito para ligar.

Veña, imos para a casa, que aquí hoxe non asinamos peixe.

Non facer barco.

Ídem anterior.



Outras expresións

Ao que vai á sonada, gran carallada.

Expresión que se usa cando un barco vai pescar onde outro tivo moi boa pesca e non colle nada.

Arriar.

Abandonar, marchar.

Rapaces, hai que arriar que vén a chuvia.

A bordo, que hai palometa.

Expresión que se usa para convidar a alguén a entrar nun sitio.

Achicar auga.

Pasar o tempo, entreterse.

A onde vas, Suso? Vou achicar auga.

A do badexo.

Expresión retranqueira usada a bordo á hora da comida, en lugar do habitual *Bo proveito*. Era costume, cando se comía a bordo, facelo á présa e sen falar. Ao dicir *A do badexo*, en lugar

de desexarlles aos compañeiros un bo proveito, pedían para eles que lles viñera o buche á boca, como lle pasa ao badexo cando se pesca.

A gamela está máis segura con dúas poutadas que con unha.

Indica que é mellor tomar precaucións nunha situación determinada.

Vir por aí abaixo.

Vir recibir instrucións do patrón.

Ao que chega tarde á barca remo torto non lle falta.

Mellor chegar con tempo, polos imprevistos que poidan presentarse.

Armarse unha garroada.

Armarse bronca.

Vaise armar unha boa garroada.



Outras expresións

Avante a toda máquina.

Velozmente, á velocidade máxima que permite o motor.

Veña, dalle avante a toda máquina.

Barco do grita.

Barco no que o patrón berra moito á xente.

Baixa a voz, Lola, que este non é o barco do grita.

Barco viejo, vela nueva.

Emprégase cando un home maior ten relacións cunha muller xoven e viceversa.

Cortar a amarra.

Poñer fin a unha discusión.

Veña, xa está, corta a amarra.

Cortar o bacalao.

1. Tomar decisións.

Aí quen corta o bacalao é a muller, non el.

2. Estar varias persoas a falar dunha terceira.

Esas tres de aí están a cortar o bacalao.

De Barra a Samil todo é area.

Expresión que significa que todo é o mesmo.

Por moito que escollas, de Barra a Samil todo é area.

Enlear o palangre.

Complicar unha situación, enredar.

E fala, e fala, e veña a enlear o palangre...

Ese balde!

Expresión que se usaba cando un mariñeiro resbalaba e caía.

Estar a bordo.

Ter algo ou a alguén gañado ou conquistado.

Non te preocupes, muller, que xa o tes a bordo.



Outras expresións

Estar na patela.

Ídem Estar a bordo.

Veña, Pura, que o Benito xa está na patela.

Estar no queixón facendo costuras.

Expresión que se usa cando non se quere facer caso dun chamado, por exemplo, cando se está a bordo a durmir e nos van despertar.

Ramón, onde andas? Estou no queixón facendo costuras.

Estar o peixe vendido.

Refírese a unha situación que xa rematou, para ben ou para mal.

Marchade, que aquí xa está todo o peixe vendido.

Estarse picando o mar.

Indica que vai haber problemas.

Non te metas, que se está picando o mar.

Facer gasoil.

En sentido figurado, beber, repostar.

Vou parar no bar do Chosco a facer gasoil.

Guiso de patata submarina.

Guiso que ten demasiada auga.

Haber mar de fondo.

Haber problemas, tensión ou malestar entre dúas ou máis persoas.

Hai mar de fondo, marchó, que non quero discutir.

Ir á mesa da polilla.

Ir facer as contas para repartir a ganancia.

Xa vos pagaron? Non, aínda hai que ir á mesa da polilla.

Ir a remos.

Ir a pé.

Lola, ¡lévote? Non, muller, xa vou a remos.



Outras expresións

Ir como arenques nun casco.

Estar nun espazo reducido.

Fumos naquel autobús como arenques nun casco.

Ir facer un lance.

En sentido figurado, ir botar as redes, mocear.

Pepe vai á discoteca, a ver si fai un bo lance.

Ir o cabo á hélice.

Meterselle a alguén a braga ou o calzón no cu.

Ir vento en popa.

En sentido figurado, marchar ben as cousas.

Desde que se separou vaille vento en popa.

Morra o conto e chovan fanecas.

Expresión que se usa para poñer fin a unha discusión.

Mal se bogas, mal se cías.

Indica que estamos nunha situación sen saída,

na que non podemos avanzar nin ir para atrás.

Navegar a leste.

Ter coñecemento e/ou experiencia sobre algo.

Non vai saber teu pai... teu pai navega a leste, rapaz!

Non dar a virada.

Non chegar a tempo, non ser quen de facer algo.

Quería ir hoxe por aí, pero non me da a virada.

Non haber/ter nin rabo de palla nin rabo de peixe.

Non pescar nada, non haber/ter nada.

Nada, meu fillo, nin rabo de palla nin rabo de peixe.

O mar, desde o monte, parece unha fonte.

Indica que, visto desde fóra, todo parece máis sinxelo.



Outras expresións

O navío vai a barra.

Figuradamente, ir para a casa.
Bebes un vaso? Non, gracias, o navío vai a barra, que está a muller a esperar para comer.

O vento que veña, na vela vai dar.

Non adiantar acontecementos, xa veremos que acontece.

Pasar pola chabola para recoller o quilo.

Expresión empregada para indicar a unha persoa que xa non se conta con ela.
Mañán pasa pola chabola a recoller o quilo, que xa non te quero ver máis.

Pita Massó.

Refírese á sirena da fábrica de Massó, que soaba cando era hora de entrar a traballar. Indica apuro ou que é hora de facer algo.
Veña, muller, vaite xa, que pita Massó.

Remar, remar para morrer na orilla.

Estar ao punto de acadar algo pero non conseguilo.

Sácalle quilos ao congro/á faneca.

Expresión que se usa para indicarlle a alguén que sabemos que está esaxerando.
Sácalle quilos ao congro, que non foi para tanto.

Ser da ola do breu (brea).

Ser do grupo que manda.
Fala con Basilio, que é da ola do breu.

Vai alá, toca lonxa.

Expresión que se usa para libramos de alguén.

Ver vir (a alguén) pola boca da ría.

Adiviñar as intencións dunha persoa.
Non me pidas que che compre nada, que xa te vexo vir pola boca da ría.



Outros términos mariñeiros

Cabaco.

Materia en suspensión que trae a marea.

Couce e arca.

Términos empregados antigamente para designar babor *-couce-* e estribor *-arca-*. Documentamos o seu uso entre os naseiros da anguía de Arcade, na zona de Vilaboa e ao sur da ponte de Rande, aínda que están practicamente desaparecidas. En Vilaboa recolléronse as expresións:

Vogar para couce e vogar para arca.

Encascado.

Proceso de tinguadura das redes de fío e algodón con cortiza de piñeiro, salgueiro ou carballo para evitar o seu deterioro.

Escochar.

Quitarlle ao peixe as tripas e a cabeza.

Ir ao axexo.

Saír a pescar á tardiña, entre lusco e fusco.

Ir botar unha mañanada.

Saír a pescar de madrugada e volver ao longo da mañán.

Limbada.

Marca que deixa a pleamar na area ou na rocha.

Marear/ir marear.

Ir pescar.

Peixe esmaltado.

Peixe valioso que cae na rede de xeito inesperado.

Peixe zujado.

Peixe comido pola pulga.

Saqueta.

Bolsa de lona na que os mariñeiros levaban a comida.





Arca

Louce

POVIGO



1.4. As épocas en que está o peixe en comida

1.4. *As épocas en que está o peixe en comida*

A sabeduría popular, en forma de ditos, expresións e refráns infórmanos de cales son os mellores meses do ano para consumir os distintos peixes e mariscos, en función do seu ciclo vital. Así, a maioría das especies están en comida nunha época determinada do ano, e perden masa muscular, e por tanto, valor gastronómico e comercial no período inmediatamente posterior ao desove.

Moitos destes exemplos relacionan as épocas de consumo aconselladas ou desaxeitadas dos distintos peixes e mariscos con eventos importantes do calendario agrícola, coa migración das aves ou as festas relixiosas.

A faneca no xaneiro val carneiro.

A sardiña en abril, cóllea na man e déixaa ir.

A sardiña en maio pinga no borrallo.

A sollla en abril, cóllea a man e deixaa ir.

A sollla, á caída da follá.

Cando a espiga bota o pendón, atraca o camarón.

Cando o trigo está louro o muxe vale ouro.

De xaneiro a xaneiro o ollomol é cabaleiro.

Desde que vén o cuco, fóra pulpo.

En maio, a raia, por Deus veña e por Deus vaia.


En xaneiro a raia vai carneiro.

No mes de abril cada polbo bota mil.

No San Xoan, a sardiña pinga no pan.

Por moi ben que che vaia non comas a raia.

Pulpo en xaneiro val carneiro.





2. Peixes, mariscos e algas. Denominación

2.1. Peixes

2.2. Mariscos

2.3. Cefalópodos e algas

2.1. Peixes

Existe unha grande riqueza léxica en relación cos peixes e mariscos, sobre todo cos de interese comercial. Os nomes cos que se coñece ás distintas especies presentan variacións locais: por unha parte nunha mesma zona poden coexistir distintas denominacións para unha especie; por outra, a poucos quilómetros de distancia xa reciben nomes distintos. Ademais, un mesmo termo pode servir para nomear especies diferentes, o que ás veces dificulta saber a qué nos estamos referindo.

Dado que algunhas especies son propias de zonas costeiras expostas ou abrigadas, só van ter denominación de uso cotián naquelas zonas nas que se crían. Pola contra, as especies cunha distribución máis ampla van recibir nomes comúns en todas as localidades do ámbito territorial do GAC7, como as seguintes:

Nome común/nome científico

Bocareu/*Engraulis encrasicolus*

Faneca/*Trisopterus luscus*

Lenguado/*Solea vulgaris*

Palometa/castañeta/*Brama brama*

Raia/*Raia spp.*

Nome común/nome científico

Rapante/*Lepidorhombus boscii*

Rodaballo/*Psetta máxima*

Salmón/*Salmo salar*

Sardiña ou xoubra (a pequena)/*Sardina pilchardus*

Solla/*Platichthys flesus*



2.1. Peixes

Alcrique.

Scomberosox saurus. Recibe o nome de *alcrique* en todas as localidades. Na zona norte da ría, ademais, *chandarme*, *patagullo* e *chínfano*. Este último término exténdese ata Baiona. En A Guarda, tamén lle chaman *alpabarda*.

Anguía.

Anguilla anguilla. Úsanse indistintamente os termos *anguila* e *anguía*. En A Guarda, *engío*.

Badexo/abadexo.

Pollachius polacchius. Indistintamente os dous términos. Os de menor tamaño reciben o nome *corbelo* nas súas distintas variantes: *corbelo* (Cangas, Moaña) ou *curubelo* (Redondela, Baiona) e *corrubelo* (A Guarda).

Cabala.

Recóllese o emprego da denominación *cabala* en todas as localidades. Na parte norte da Ría de

Vigo, ata Arcade, conviven as denominacións *rincha* e *cabala* e en Aldán chámase tamén *xarda*.

Cazacú.

Scylliorhinus canicula. Na zona norte da ría denomínase *melca*, *rañorte* ou *patarroxa*. De Baiona a A Guarda chámase *cazacú*. Na zona interior da ría, onde esta especie non é habitual, recollemos a denominación *cazón* (en Vilaboa, Arcade e Redondela), que designa normalmente ao *Gaeorhinus galeus*.

Crongo.

Conger conger. A denominación común a todas as localidades é *crongo*. Ademais, recóllese o termo *anguiacho* e *correa* para os individuos pequenos desde Aldán ata Oia. Entre Baiona e A Guarda chámase *safiro* ao crongo pequeno.



2.1. Peixes

Doncella.

Coris julis. Presentan unha ampla variedade de denominacións: *doncellas* sería o máis extendido, aparece en todas as localidades. De Aldán a Panxón tamén aparece o término *pisa de rei*, coa variante *pisarreira* na zona norte da ría. En Panxón e Baiona, *caralletes*.

Litán.

Galeus melastomus. Na zona norte da ría, entre Aldán e Moaña chámase *zapata*. En A Guarda, *litán*.

Maragota.

Labrus bergylta. Aparece coas súas dúas acepcións: *pinto* e *maragota*, nalgúns casos indistintamente. Na parte interior da ría, entre Vilaboa e Redondela identifícase tamén como *serrán*. En A Guarda, *budión*.

Melca.

Vercazacú.

Muxo.

Liza ramada. *Muxo*, salvo en Arcade, que usan a variante *muxe*.

Ollomol.

Pagellus bogaraveo. *Ollomol* é a acepción máis extendida para denominar aos individuos de

tamaño grande, coa salvedade de que en A Guarda chámase *juraz*. Os pequenos coñécense co nome de *buraz*, *pancho* ou *pachán*.

Patarroxa.

Vercazacú.

Peixe porco/roncudo.

Balistes carolinensis. *Peixe porco* é a denominación máis extendida, seguida de *roncudo* e *roncón*. En zonas tan distantes como Cesantes e A Guarda recóllese a denominación *pámpano*. Tamén se lle chama *castañeta brava* ou *palometa brava* (Panxón e Mougás). En Baiona, *pinchudo*.



2.1. Peixes

Peixe sapo.

Lophius budegassa. *Peixe sapo* ou simplemente *sapo*. Unha especie moi similar, o *Lophius piscatorius* recibe o nome de *peixotín/peixe xotín* en Aldán e Cangas, *pescantín* en Cangas e *peneireiro* en A Guarda.

Robaliza/Rabaliza.

Dicentrarchus labrax. Recolléronse as denominacións *robalo* e *rabaliza*, nas súas variantes *rabaliza* e *robaliza*. Aparece *rabaliza* en Aldán, Cangas, Arcade, Redondela, Panxón e Baiona; e *robaliza* en Aldán, Moaña, Vilaboa, Redondela, Panxón, Mougás e Oia, polo que entendemos que as dúas acepcións están en uso simultaneamente en toda a zona. En Aldán aos exemplares pequenos chámanlles *cacheiras*. En A Guarda a denominación habitual é *robalo* para o de maior tamaño e *chalizo* para o pequeno.

Salmonete.

Mullus barbatus –salmonete de rocha- e *Mullus surmuletus* –salmonete de fango-. As dúas especies, reciben o nome de *salmonete* en toda a zona. En Redondela, Baiona e Panxón recolleemos, ademais, a denominación *barbo*. De feito, en Redondela indican que antigamente coñecía-se por ese nome, pero que na actualidade chámanlle *salmonete*.



Salmonete, barbo



2.2. Mariscos

De maneira análoga ao que sucede cos peixes, no caso dos mariscos tamén son minoría os que teñen unha mesma denominación entre Aldán e A Guarda. É o caso da *ameixa fina* -*Ruditapes decussatus*-, a *centola* -*Maja squinado*-, que presenta a forma masculina e feminina en todas as localidades e a denominación *bruño* para os individuos de pequeno tamaño; a *cigala* -*Nephrops norvegicus*-, a *langosta* -*Palinurus elephas*-, o *ourizo* -*Paracentrotus lividus*- e o *percebe* -*Pollicipes pollicipes*-.

Ameixa babosa.

Venerupis pullastra. Ameixa babosa. En Vilaboa, moelos.

Berberecho.

Cerastoderma edule. Chámanlle croque ou berberecho, salvo na zona interior da ría, na que se lle chama *marisco* (Vilaboa, Arcade e Redondela, maioritariamente), término que tamén se usa en Baiona.

Boi.

Cancer pagurus. Na parte norte e interior da Ría de Vigo, *boi*. Ao sur de Baiona, *cángaro/cáncaro* e en A Guarda, *cangra*.

Carneiro.

Venus verrucosa. Recibe ata seis nomes distintos; algúns conviven na mesma zona. En Aldán e Cangas chámaselle *moelo* ou *carneiro*; de Moaña a A Guarda recibe o nome de *burro*.

Ademais, tamén se denomina *miolo* (Aldán) *pata de burro* (Redondela), *pata de mula* (Panxón) e *carneirolo* (Baiona).

Lapa.

Patella spp. *Lapa* é o nome que reciben desde Aldán a Baiona. De Mougás ata A Guarda, *lamparóns*. Entre Cangas e Arcade recollemos o término *cuchicraba*.



2.2. Mariscos

Longueirón.

Ensis siliqua. O nome habitual é *longueirón*, coa variante *lengueirón* en Aldán e Cangas. *Carallote* en Moaña e Redondela, e *carallete* en Vilaboa e Arcade.

Lumbrigante.

Homarus gammarus. O nome que lle dan en toda a zona é *lubrigante*, salvo en Arcade e Redondela – *bogavante*-. En A Guarda, *lubigante*. En Cangas a xente do mar conóceo como *electricista*, dada a coincidencia das partes do seu corpo con nomes das ferramentas como tenazas ou antenas.

Mexillón.

Mytilus edulis. Conviven as formas *mexillón* e *mexilón*. De Moaña a Redondela predomina *mexilón*. En Mougás, *cunchos*.

Navalla.

Ensis arcuatus. *Navalla* en toda a zona. En Baiona

denomínase *caramelas* tanto á navalla como ao *longueirón*.

Nécora.

Necora púber. Desde Baiona ata A Guarda, *lavañeira*.



Orella de mar.

Haliotis tuberculata. De Aldán a Moaña, *orella/ourella* e *peneira*. *Jonella* en Panxón, *sapatitos* en Baiona, *conas* en Mougás e *orella* en A Guarda.

Reló.

Dosinia exoleta. *Reló* é o nome máis extendido. En Cangas convive coa denominación *cadelas*, que rexistramos tamén en Baiona.

Santiagoño.

Scyllarus arctus. En Aldán e Cangas, ademais, chámalle *catuxa*, *roquete* e *regalito*.



2.3. Cefalópodos e algas

Na denominación dos cefalópodos atopamos certa uniformidade: *calamar* ou *lura*, indistintamente, para *Loligo vulgaris* e *lura* para *Illex coindetti*; *choco* para identificar a *Sepia officinalis*, que en Cangas recibe o nome de *palomito* cando é de pequeno tamaño, e *pulpo* ou *polbo* para *Octopus vulgaris*. Aínda que se recollen os dous términos en todas as localidades, é máis habitual a denominación *pulpo*.



Sepia officinalis


O tramo de costa entre Baiona e A Guarda é o que presenta maior riqueza de léxico en relación coa nomenclatura das algas, sobre todo das especies propias de zonas expostas das que se descoñece a denominación na parte interna da Ría de Vigo. A existencia de algas de interese comercial para a industria alimentaria, como o *Chondrus crispus*, ou o *Gelidium sesquipedale* na costa entre Baiona e A Guarda son a causa da necesidade de identificalas con nomes de uso común.

Bocho.

Fucus spp. *Bocho/bochada* ou *buche* na parte norte e interior da ría. *Botella* desde Panxón a A Guarda.

Carrapicho.

Chondrus crispus. Término empregado entre Baiona e A Guarda.



2.3. Cefalópodos e algas

Carrumeiro.

Laminaria spp. Na parte norte e interior da ría, *carrumeiro/carrumeiro*, *golfeiro* ou *golfo*. En Arcade recollemos a variante *parrumeiro*, e en A Guarda denomínanse *sojas* ou *carallotes*.

Correas.

Himanthalia elongata. *Correas/correolas* de Aldán a Baiona. *Cintas* de Mougás a A Guarda.

Verdello.

É a voz máis extendida para denominar ás algas verdes dos xéneros *Enteromorpha* e *Ulva*.

No primeiro caso, ademais, coñécese como *herba de bola* en Aldán, *barbela* en Cangas, e *verdín* ou *limo* en Cesantes e Redondela. No segundo, *batume* en Redondela, *folllato* en Cesantes, *camiseta* ou *lavacán* en Baiona.



Laminaria spp.



Ulva spp.



3. Artes de pesca

3.1 Antigas modalidades de pesca

3.2. Artes de marisqueo

3.3. Nasas


3.4. Ferramentas varias

3.5. A recollida do argazo




3.1. Antigas modalidades de pesca

A arte ou arrastre de praia. Denominación xenérica da modalidade de arrastre que se levaba a cabo desde terra, cunha rede de copo de grandes dimensións. Consistía en deixar un chicote en terra e ir largando a rede desde unha pequena embarcación, describindo unha semicircunferencia. Ao chegar a terra co outro extremo da rede halábase desde os dous cabos, de maneira que a rede viña cara a terra coas capturas no copo. Dependendo da proporción de chumbos e flotadores que levara, o arrastre era máis ou menos profundo. O número de persoas necesario para a arte dependía do seu tamaño e da zona na que se empregara. En cada vila había unha serie de puntos onde se largaba, chamados *postas*, e largábase por turnos. A rede que se empregaba era un *bou de man* ou *rapeta*, ou rede similar. Con este sistema collíase bogón, muxe, luras, ollomoles, xureles, barbos, etc.



3.1. *Antigas modalidades de pesca*


A *pesqueira*, *entallada* ou *estacada*. Modalidade de pesca consistente en largar unha rede de grandes dimensións durante a pleamar á altura da liña de baixamar, suxeita cunhas varas, de xeito que forma unha barreira. O sistema aproveita o movemento natural dos peixes coa marea: cando está subindo, o peixe móvese cara a terra; a medida que baixa o mar, os peixes desplázanse en sentido contrario. A rede impide que baixen máis alá da liña da baixamar. Nese momento, cóllense no seco ou nas pequenas pozas que quedan no intermareal, ben coa man, ou con figas. Era unha modalidade de pesca moi habitual para a captura da solla e do muxo. En Cangas, Moaña e Vilaboa denomínase tamén *entallada*, mentras que en Arcade e Redondela chámase *pesqueira*. Na zona de Baiona, recibe o nome de *estacada*.



3.1. Antigas modalidades de pesca

O cerco. Modalidade de pesca empregada para a captura de peixes peláxicos, como a sardiña, o bocareu, o xurel ou a cavala, que se moven en bancos a media auga. O sistema consiste en detectar o banco e largar a rede describindo un movemento circular coa embarcación, de maneira que se rodea o banco de peixes. Despois péchase o fondo da rede e o peixe queda embolsado.

Antigamente empregábanse varios sistemas para detectar e/ou atraer aos bancos de peixe: o *caldeo*, que se baseaba en atraer aos peixes botándolle comida, normalmente raba -ova de bacalao salgada; o *almeiro*, que consistía en aproveitar os almeiros ou bandadas de peixes que xuntan as toniñas, cercándoos para comelos; e a *ardora*, que se practicaba de noite, ao escuro, cando non había lúa. Consistía en detectar a presenza dos peixes observando o brillo ou *ardentía* da superficie do mar.



3.1. *Antigas modalidades de pesca*

As pezas. Arte de pesca rectangular, dun só pano, formada por varias pezas unidas entre sí, cunha tralla de chumbos na parte inferior e outra de cortizas na superior.

Trátase dun arte de enmalle empregada entreaugas para a captura de peixes peláxicos de tamaño reducido, que quedaban enganchados na rede ao intentar atravesala. En función da luz de malla, máis laxa ou máis tupida, pescábanse distintas especies: a sardiña, o chincho ou o bogón (piarda). Antigamente levaban unhas boias de cortiza chamadas *bourees* que permitían o calamento da rede á profundidade desexada. Na Guarda, as cortizas levaban as marcas do seu propietario.

Esta modalidade de pesca denomínase *pescar ao xeito* e, por extensión, as pezas tamén se chaman redes do xeito. As pezas do bogón chámanse especificamente *bogoneras*.



O vocábulo *peza* tamén se emprega de maneira xenérica co significado de rede. Por exemplo, en Cangas as *pezas das fanecas* son as *vetas*, e as *pezas da merluza* son as *volantas*. En A Guarda as *volantas* denomínanse *mollos*.



3.1. *Antigas modalidades de pesca*


O boliche. Rede mixta de cerco e arrastre con dúas bandas longas e un cope, que se usa entreaugas. Halábase a man u con haladores rudimentarios. Capturaba principalmente luras, chinchos e buraces. Actualmente aínda se usa na parte interna da Ría de Vigo.

O mediomundo. Aparello formado por un aro de ferro que leva unha rede ou cope en forma de saco.

O sistema consistía en fondear o mediomundo e botar carnada dentro para atraer aos peixes. Unha vez dentro, izábanse as capturas e depositábanse na embarcación.



A tarraia. Rede circular enchumbada que se lanza sobre a superficie do mar e abre como un paraugas. Cae ao fondo, atrapando o peixe.



3.2. Artes de marisqueo



O can da ameixa. Arte de pesca da ameixa formado por un armazón metálico ao que se une un cope de rede ou metálico. Lárgase pola popa e remólcase desde a embarcación, removendo a area para levantar as ameixas, que quedan no cope. Actualmente está prohibido.



Legón

Ferramentas para o marisqueo a pé. Empregábanse ferramentas similares ás que se usan actualmente, pero de distintos materiais. A estrutura do angazo era toda de madeira, dentes incluídos e podía ter un cope de arame. Tamén se usaban sachos e legóns de distintos tamaños.

Para a captura do percebe, lapas e outras especies que viven pegadas ás rochas emprégase a *raspa*, tamén chamada *rillada* ou *ferrada*.



Angazo



Raspa, ferrada, rillada




3.3. *Nasas*

Nasas. Artes de fondo en forma de trampa que se empregan para a captura de crustáceos e cefalópodos, principalmente, aínda que tamén as había específicas para peixes, como a nasa da faneca.

Antigamente eran feitas de vimbio ou madeira con rede, e tiñan distintas formas en función do tipo de especie que se quixera capturar.

Na zona comprendida entre Meira e Redondela denomínanse *nasas*.

A nasa para a captura da anguía chámase *butrón*.



Butrón



3.4. Ferramentas varias

Fisgas. Aparellos rematados nun número variable de dentes colocados en diferentes posicións en función da especie que se queira capturar, que sirven para coller chocos ou peixes planos. En Arcade chámanlle *firga*. Tamén se chama *fisga* á varilla de metal que se usa para coller o longueirón. Recibe o nome de *ameixó* na zona de Moaña.

Antigamente usábase un tipo de fisga para a anguía, pero foi substituída pola nasa *butrón*.

Gancha da centola. Estrutura de ferro formada por dous ganchos e un mango de lonxitude variable. Úsase para capturar centola coa axuda dun espello –caixa de madeira con fondo transparente para mirar o fondo, tamén se chama *mirafondos*-. Cando se ve o centolo, introdúcense os ganchos por debaixo e levántanse.



Fisga



Achicadoira. Recipiente de madeira utilizado para achicar a auga nas gamelas. Na zona de Arcade empregaban a *sázula*, cuberta por arriba nas 3/4 partes da súa lonxitude.



Ameixó, fisga, varilla



3.5. *A recollida do argazo*

Coñécese como *argazo* ás algas que arranca o mar e deposita na praia, formando bardas que se recollen para abonar as leiras ou para a venda destinada, fundamentalmente, á extracción de carraxén e de agar, sustancias empregadas na industria alimentaria. As especies de interese para a industria alimentaria atópanse no tramo entre Nigrán e A Guarda, onde a acción de ir arrincar algas das rochas coñécese tamén como *ir raspar*, *ir á creba* e *ir á rabuña*.

O ritmo de recollida está marcado polas mareas e as tarefas agrícolas. A extracción lévase a cabo a man con diferentes utensilios como *angazos*, *gadañas*, *cavóns*, *inciños*, *cramoeiros* e/ou *arrastóns*.

Antigamente acarrexaban o argazo en cestos de vimbio, en *padiolas* –angarellas que se levaban entre dúas persoas- e en carro de bois.



3.5. *A recollida do argazo. Aparellos*

Arrastón. Aparello empregado na zona de A Guarda para ir ao camarón e ao argazo. Consiste nunha rede grande en forma de embudo, que leva cosida na parte inferior unha barra de ferro e na superior unha vara de madeira con flotadores. O arrastón amárrase á popa e a medida que a embarcación se despraza, vai enchéndose coa captura.



Inciño



Cramoeiro



4. *Costumes
e
supersticións*



4. Costumes e supersticións

Entre as xentes do mar perviven aínda crenzas e supersticións relacionadas coa actividade diaria da pesca. Recollemos en todos os concellos a idea da existencia de mulleres que causaban o *mal de ollo*, polo que non conviña cruzarse con elas. Cando acontecía, ou ben non se saía ao mar, ou ben daban por feito que ese día non ían ter boa pesca. Se levaban varios días sen que entrase peixe nas redes había armadores que acudían a unha bruxa cun pedazo do aparello para que lle fixera un feitizo que espantara o meigallo. Despois de facer o esconxuro había que queimar a rede para que fixera efecto.

Cando empezaba un mariñeiro novo nunha embarcación e coincidía cunha época na que non había moito éxito nas capturas, corría o risco de ser considerado un mal agoiro, polo que tamén se acudía á bruxa para arranxar o problema. Nese caso había que levar a roupa do mariñeiro, e unha vez executado o feitizo, queimala.

Facer o sinal da cruz antes de acceder a bordo, embarcar por babor e non por estribor, ou entrar co pé dereito eran sinais de boa sorte. Pola contra, nomear aos curas, raposos ou serpes daba mal agoiro.

Estaba prohibido levar un paraugas a bordo e asubiar, porque atraía ao vento ou espantaba ao peixe. Do mesmo xeito, daba mal augurio que unha pluma de gaviota caíra enriba dos aparellos, escoitándose expresións como a *quen joderás ti, pluma...*



4. Costumes e supersticións

Para contrarrestar os malos auspicios , as xentes do mar empregaban amuletos que lles axudaran a sobrevivir a bordo, a propiciar a pesca, a escorrentar as bruxas e a evitar o mal de ollo. Os mariñeiros colocan na ponte ou no casco da embarcación cruces, allos, cornos de animais -preferentemente de carneiro-, ramas de acibeiro ou ruda, ou imaxes da Virxe do Carme e doutros santos para que lle deran protección.

En tempos estivo bastante extendida a crenza de que as mulleres non debían subir a bordo das embarcacións, porque era causa de que romperan as redes, escapara o peixe ou atraeran a mala sorte ao barco.

En Cangas había o costume de que os armadores convidaran ás atadeiras a unha comida –a *corrobla*- cando remataban de armar o aparello, para asegurarse unha boa pesca.

Outra práctica extendida era bendicir con viño e auga as embarcacións e as redes unha vez preparadas. Nalgúns casos mandaban orinar a unha moza ou a un neno no aparello porque pensaban que atraía a boa sorte.

En A Guarda golpeábase a rede cunha rama de acibeiro á vez que se recitaba unha das seguintes oracións:

*Acebiño, meu miniño,
aquí te veño a buscar,
dalle sorte ao meu home,
no halar e no largar.*

*Santísimo Sacramento,
todo malo vaia para fóra,
todo bó veña para dentro.*





5. *Alcumes maríneiros*

5. Alcumes mariñeiros

A implantación social dos alcumes nas vilas de Galicia é un feito que pode comprobar calquera persoa forasteira que queira localizar a alguén e pretenda recurrir á xente do pobo en busca de orientación ou axuda. Será moito máis factible que a súa misión chegue a bo porto se coñece o seu alcume.

Cada familia ten un apodo que, unha vez consolidado, pode transmitirse tanto á descendencia como á parentela, tanto por consanguinidade como por afinidade. Así, a muller do *Chalana* convírtese en *Mucha a do Chalana*, e a súa filla, na *chalaniña*.

Os criterios para adxudicar a unha persoa un novo alcume son moi variados: algúns teñen que ver co seu lugar de orixe ou residencia, con algunha característica física, co seu oficio, hábitos ou con experiencias da súa vida.

Nas localidades costeiras da Ría de Vigo, a importancia do mar no tecido económico e sociocultural reflíctese na abundancia de alcumes relacionados co medio mariño e a cultura mariñeira. Podemos atopar exemplos de alcumes mariñeiros nas catro categorías ou grupos definidos polo estudoso portugués José Joaquín Nunes en función da súa orixe:

A similitude con animais: xurelo, arroz, faneca, gavota, cazacú, etc. Recollemos exemplos tanto de aves como de peixes, algas, moluscos, crustáceos ou mamíferos mariños.

Hábitos ou aficións da persoa: mardomingos, comesebas, comesardiñas, etc.

Atributos físicos e morais da persoa: cara de peixe, fuciños de melca, gavota pelada, etc.



5. Alcumes mariñeiros

Vivencias da persoa: polycommander, tragamares, mariñeiro, etc.

Tamén resulta habitual que un mariñeiro reciba un alcume relacionado co nome ou o tipo de embarcación na que faena (a gatera, o gamela, etc.), e viceversa: hai quen bautiza a súa embarcación co alcume familiar.

Os alcumes mariñeiros máis habituais nas vilas costeiras entre Aldán e A Guarda son os relacionados cos peixes: *xurelo* (en todas as súas modalidades, tanto en galego como en castelán), *faneca* e *peixiño*. Aparecen en todas as vilas sen excepción. Entre os alcumes con nome de aves mariñas destaca pola súa frecuencia a *gaivota*, entre os mamíferos o *arroaz*, dos moluscos, a *lura*, e dos crustáceos o *cangrexo* e o *centolo*.



5. Alcumes mariñeiros

Agulla	Bertorella	Canexa	Cazacú
Apupo	Bocareu/Bucareu	Cangra	Cazón
Arao/Arau	Bolo	Capitán	Centinela
Arroaz/Arruaz	Bonito	Capitanciño	Centola
Bacalader	Breta	Cara de peixe	Chabolas
Balueiro	Bruño	Carabela	Chalán
Barbada	Buraz	Caramuxo	Chalana
Barbo	Cabala	Caranguexo	Chalarano
Barbo de pintas	Cabaleta	Carioca	Chaparreta
Barco do manolé	Cabo	Carrapicha	Cheira a raya
Barco de Jaime sordo	Cachalote	Carricacha	Chincho
Barca	Camarón	Carromeiro	Chínfano
Barqueiro	Can da Ría	Casqueiro	Choco
Batea	Candarola	Castañeta	Choquiño



5. Alcumes mariñeiros

Choupa	Faneca	Jurjulla	Marrajo
Chuvasco	Foca	Lancheras	Marrudo
Colón	Fuciños de melca	Lanchero	Mascato
Come sardiñas	Furabolos	Lapa	Mexilón
Come sebas	Gaiba	Lura	Miñooca
Come vetas	Galerna	Mar aberto	Muelle (do)
Concheira	Ganapán	Mar de Amberes	Nécora
Correolas	Gancha	Mar rixo	O da Ría
Corvina	Gatera	Maragota	Pancho
Costero	Gavota pelada	Maraxe	Parrocha
Croque	Gavota/Gaivota	Mardomingos	Pataludo
Cunchiñas	Golfeiro	Mariñeira	Peixiños
Espábilate anzuelo	Jaiba	Mariñeiro	Peixota
Estelas	Jurel	Mariño pescador	Percebe



5. Alcumes mariñeiros

Patarroxa	Pixota	Roquete	Tío verdello
Patela	Playa do oveiro	Sabenlla	Torna mareas
Patelo	Polbeira	Sabalo	Trainero
Patudo	Polycomander	Salmonete	Trancho
Peixe	Potaroxa	Santiaguiño	Trasmalleiro
Peixe frito	Pulpo	Sardiñeiro	Treboada
Peixeira	Quirrán	Sargo	Verdella
Peixiño	Raña	Seba	Xenete
Pescadilla	Reina de los mares	Serrán	Xirelo
Pescadito	Ría (da)	Solla	Xouba
Pesqueite	Rincha	Tenoura	Xurel
Pesquerella	Rizón	Tío Cazacú	Xurelo
Pinto	Robalo	Tío Cranga	
Pión	Robaliza	Tio lanchas	



6. Poemas e cantigas



*Non te cases cun ferreiro
que é moi malo de lavar
cásate cun mariñeiro
que vén lavado do mar.*

Cantiga popular

6. Poemas e cantigas

A literatura popular da Ría de Vigo recolle en distintos formatos, como cantigas ou coplas, diferentes aspectos relacionados coa forma de vida mariñeira, en concreto, coas faenas de pesca, os oficios e tarefas, coñecementos e saberes, as inclemencias meteorolóxicas ou episodios vividos pola xente do mar.

Temos exemplos de creacións poéticas por parte de profesionais do mar, como Evangelina Sotelo Germade, xefa redeira ou Cecilio Rial, ámbolos dous de Cangas do Morrazo. Tamén recolleemos poemas doutros autores e cantigas e coplas que os nosos informantes cantaban (e aínda cantan) nos furanchos, no carnaval ou mentres traballaban.

*Gaivota que voas baixo
surcando as ondas do mar,
asegando pouquiño a pouco
por se algún peixiño podes topar.*

*Ti voas por toda a ría
de Vigo a Cangas sen parar
buscando a popa dalgún barco
cando o peixe vén de botar.
Cando venta suroeste*

*na farola vaste a pousar,
coas alas moi estiradas
e piando posta hacia ao mar.*

*Ti e as demais gaivotas
formades un coro musical,
anunciándonos o mal tempo
pois vos ganádelles ao Pemán,
porque el ten moitos fallos
pero o voso é firme, verdadeiro e real.*



Gaivotas. Evangelina Sotelo Germade

6. Poemas e cantigas



*Os nosos mariñeiriños
que cansos eles están
traballando como robots
desde a mañá hasta o serán.*

*Cantas gotas de suor
por os seus corpos resbalarán
para traerlle o sustento aos seus fillos
para traerlle un cachiño de pan.*

*Que triste é a vosa vida
perdidos en altamar,
mirando sempre as mesmas caras
e sempre o mesmo falar.*

*De día mirades o sol
ou o que se vos poida presentar,
de noite contemplades a lúa
e con ela podedes soñar.*

*Cando tendes temporal
sen comer tedes que pasar,
marchades para o catre a durmir
e nin nel podedes descansar.*

*Non sei como aínda hai xente,
que vos poida criticar,
pois tíñanvos que facer un monumento
ou un grande pedestal.*

*De vos non hai quen se acorde
e ningún caso vos fan,
mirando como é a vosa vida
é para votarse a chorar.*

*Virse mariñeiriños virse,
virse para o voso fogar
virse coitadiños virse
que vos tamén tedes dereito a descansar.*

Mariñeiros. Evangelina Sotelo Germade

6. Poemas e cantigas



Oda aos mariñeiros de Cangas.
Bernardino Graña. Do libro *Mar de soños*.

*Polo escuro do mar que vos contruba
aínda hai peixes de luz nos seus abrigos,
mariñeiros de Cangas, meus amigos,
meus irmáns de salitre e sol e chuva.*

*Solte a ría un exército de naves,
mariñeiros de Cangas, traede as liñas,
que, anunciando o fumazo das sardiñas,
polos cons e cabezos cantan aves.*

*Polas ondas sen muros e sen diques,
polo lombo do Atlántico azulado,
brinca e bufa o arroáz todo apurado
perseguinto os bonitos e os alcriques.*

*Máis alá de Sobrido ti me guíes,
mariñeiro de Cangas, ti me leves
para ver os escumallos e os percebes
e mirar dende a popa as Illas Cies.*

*Máis alá do Cabalo e Cabo Home,
da Negra e deses baixos de Biduído,
mariñeiro de Cangas, vas perdido
e o mar é un gran misterio que te come.*

*Coma horribéis fantasmas aparecen
dende o fondo, xurdindo, nos sorrisos,
estrañas ardentías e navíos
e tristes afogados que amolecen.*

*Pero rompe, que podes, contra o medo,
dálle avante con forza, anque che doa
contra noites e néboas pon a proa,
mariñeiro de Cangas, e ven cedo.*

*Ven loguiño vender o peixe a Vigo
e trae unha canción do son dos mares
pra beber e cantar xuntos nos bares,
mariñeiro de Cangas, meu amigo.*

6. Poemas e cantigas

*Meus amigos mariñeiros
nunca saídes do mar.
Canto tedes traballado!
Moitos quedaron alá!*

*Con temporais e choiva
lonxe da vosa terriña
pensando nos fillos
e nesas mullerciñas.*

*Noite e día co temporal
sen poder descansar
non ver o ceo, as estrelas,
tan so as ondas do mar.*

*Xa vedes meus amigos
a vida dun mariñeiro ...
Esta non se paga,
pois vale moito diñeiro!*

*E triste saír da casa
buscando un anaco de pan,
os fillos esperando
para que llo deades nas mans.*

*As nais esperando
a que chegedes do mar
coas bágoas nos ollos
ó non podervos abrazar.*

*Como quedan esas naiciñas
non ver chegar os seus fillos
han pensar que quedaron
tirados polo marciño.*

*É moi triste esta vida
vades con tanta alegría
saír ás sete da tarde
para morrer no outro día.*

*Esta é a historia
destes pobres mariñeiros,
a Virxe mire por eles
que son os nosos compañeiros.*

Mariñeiros .

Cecilio Rial. Do libro *Romaría de Soños*.



6. Poemas e cantigas

*Virxenciña mariñeira
mira polos mariñeiros
son teus fillos e te queren
en todo este mundo enteiro.*

*Virxe ti rezas tanto,
os libres deste mal
de que os traguen as olas
nese grandioso mar.*

*Virxe de Darbo querida,
a nai dos mariñeiros
e o día que morra,
de ti me acordarei primeiro.*

*Así que nai querida,
nese día de festa,
sempre me acordo de ti
para levarche unha vela.*

*Mira por eses fillos
que están polo estranxeiro;
eles rezan por ti,
por todo o mundo enteiro.*

*Dáme pena madre miña
non te poder bicar
por estar lonxe da casa
traballando no mar.*

*Douche todo o meu cariño
e con todo o corazón
pra que veles por nosoutros
coa túa devoción.*

*O día que volva
no día do teu santo
heime axeonllar ante ti
para che bicar o manto.*

*Así que Virxe querida,
irei cantar no teu día,
e hoxe ó non poder facelo
dedícoche esta poesía.*

*Estreliña mariñeira .
Cecilio Rial.
Do libro Romaría de Soños.*

6. Poemas e cantigas

O endeño é endaño
do marisco en general
pola forma e o tamaño
é un arte ilegal.

Isto dicen os da vara
desde Aguiño a Redondela
¡pero! a cousa non está clara
¿quén fai mais daño?, ¿el óu
ela?

Como os dous teñen dentes
van trabando na area
“delinquentes inconscientes”
cando un ou outro rastrea.

Levarvos ben como irmáns
non andar con incomodos
os das “varas” e os “cans”
Porque o mar é de todos.

Cangas, o Hio e Aldán
están en contra Redondela
uns queren o “can”
e outros queren a “cadela”

Repartir o mar por zonas
uns por terra, outros por mar
levándose como persoas
todos poden mariscar

Foron tantas as “cadelas”
contra “el” no tribunal
que ganaron o pleito “elas”
declarandoilo ilegal.

Por agora os vareiros
teñen a vara na man
o contrario os arrastreiros
teñen na perrera o “can”.

Sin que o poidan soltar
nin de noite nin de día
Prohibíndolle rastrear
dentro ou fóra da ría.


Despois de tanto “ladrar”
en legítima defensa
non o deixan rastrear
¡pobre da súa despena!...

O pleito non queda así
nin por Dios nin polo demo
a de chegar a Madrid
hasta o Tribunal Supremo.

Na praia de Rodeira
xa non quedou un marisco
sendo a máis marisqueira
de todo o municipio.

Como non se poña veda
no inverno ou no vran
nas demais tampouco queda
para “cadela” nin pro “can”.

A guerra do can.
Serafín Graña Rúa.
Do libro *Taberna de soños*.
Versos de Serafín.



6. Poemas e cantigas

*Que sabrosiñas, amigos
son as sardiñas do mar,
teñen a coor da prata,
pinga que pinga no pan.*

*Son as barquiñas lixeiras
borrachas de navegar
que traen eses tesouros,
pinga que pinga no pan.*

*Nas praias e carballeiras
na tempada do verán,
o lume doura as sardiñas,
pinga que pinga no pan.*

*Regadas con viño tinto
das viñas do noso chan,
saben a gloria bendita,
pinga que pinga no pan.*

*¡Ai, mariñeiros de Cangas!
non deixedes de cantar
as loubanzas das sardiñas,
pinga que pinga no pan.*

*As sardiñas pingan no pan.
Pepe Santos, O Poeta.
Do libro Veleiro de soños.*



*Vai a velliña encovada
tristeira mirando o mar
os rapaces na ribeira
collen croques no Señal.*

*Mira as gamelas, as dornas
ferindo azul o cristal
a beleza das gaivotas
nas escumas do praial.*

*Eran os tempos lonxanos
de bonanza e temporal
a vida dos mariñeiros
singladuras de ultramar.*

*Alguns ficaram para sempre
no cemiterio do mar
rotas ilusíons e vidas
nas augas da eternidá.*

*Dende moi xove viúva
nunca deixa de chorar
por aquel homiño bo
que endexamais olvidará.*

*Pasa as horas no peirao
nunca deixa de rezar
e volta sempre con bágoas
camiño do seu fogar.*

*Na humilde casa de pedra
no outeiriño do Costal
a velliña, soña sempre
co ceo azul doutro mar.*

*O mar azul da velliña.
Pepe Santos, O Poeta.
Do libro Veleiro de soños.*

6. Poemas e cantigas

*Eu recordo a un pescador
moi famoso e de Balea
era medroso pró mar
chamábanlle “Singorellas”.*

*Era un tipo moi curioso,
tiña unha pobre gamela
esculpida de buracos
moi mal pintada e moi vella.*

*Tamén era un chambonciño
sempre con pouca destreza
pois con cachiños de lata
poñía en pé a gamela.*

*Preparaba a súa barca
na “Congorza” de Balea,
enfilaba cara o mar
camiño da súa “festa”.*

*Sempre pretiño da praia
era un artista das pedras,*

*nas augas da nosa ría,
sempre cheíña a patela.*

*Nunca navegaba lonxe
na súa pobre gamela,
tiña moito medo ó mar
espantáballe a tormenta.*

*“Singorellas” era un tolo,
solitario, con rarezas,
argonauta da “Congorza”
famoso sempre con “festa”.*

*Na praia collía nécoras
caramuxos e ameixas,
chispolvos e longueiróns
tamén algunhas “estrelas”.*

*Falaba sólo có mar
soñaba coas sereas,
cos peixiños e gaivotos
entre peñascos e areas.*

*Moitas xentes da bisbarra,
casi todas de Balea
celebraban as andainas
do famoso “Singorellas”.*

*Singorellas de Balea.
Pepe Santos, O Poeta.
Do libro Veleiro de soños*



6. Poemas e cantigas

*Pra que anden gordos todos os nenos
e polo Agosto haxa máis festa,
imos buscare xunto das illas,
unha corvina,
unha faneca,
unha abadexo,
unha morea.*

*Pra que en Galicia cheiren as fábricas
de salazón e mais de conserva,
imos ao mar, con harpón ou liña,
a pescar rincha,
congrós e alcriques,
moita pescada,
unha balea.*

*Pra que as mulleres berren na praza
e haxa ruído polas tabernas,
traerei con nasa, con rede ou fisga,
luras e polbos,
muxos e nécoras,*

*meros e sargos,
sollas e vieiras.*

*Hei de pescare con xeito ou baca
con bou ou cunha pobre gamela,
unha centola,
xouba e sardiña,
un rodaballo,
unha doncella.*

*Imos ao asexo, imos ao escuro,
cando a ardentía ou a lúa chea,
e aseñaremos por estas rías
o lombrigante,
bonito duro,
moitos xurelos,
a palometa,
un ollomol,
unha zapata,
un peixe-sapo,
un fura-areas,*

*a robaliza,
a maragota,
o pinto, a raia,
e toda a pesca.*



*Canción para ir ao mar de pesca.
Bernardino Graña. Do libro *Mar de soños*.*

6. Poemas e cantigas



*O mariñeiriño
cando ven do mar
sin o chanqueiriño
non pode pasar.*

Popular.
Recollida por Eliseo Alonso.
Do libro *Gamelas y Marineros*.

*As rapaciñas da Guarda
sonche de moito palique
elas botan o anzuelo
quen queira picar que pique*

Popular.
Repertorio Tabernario de Luis Torres Vázquez.

*Gavota, gavota
¿que levas no bocho?
sardiñas asadas
¿quen as asou?
María Cou-cou
Que foi polo río
e non se mollou.
Arau, arau
Cabeza de pau
Tizón, tizón
e non se mollou .*

Popular.
Recollida ás redeiras de Cangas

7. Agradecimentos



7. Agradecementos

Queremos agradecer a participación de todas as persoas e entidades que fixeron posible que este proxecto chegara a bo porto. Especial recoñecemento merecen as persoas que actuaron como informantes, pola súa xenerosidade ao ofrecernos desinteresadamente o seu tempo, as súas vivencias e saberes.

A todas elas vai dedicada esta publicación.

Agustín Míguez Barreiro

Amelia Cividanes Carabelos

Ana Rodríguez

Antonio Álvarez Freijanes

Antonio Fernández Sotelo

Antonio Garrido Pousa

Antonio Martínez Vicente

Beatriz Bruna Quintas

Benito "Tragamares"

Bernardo Lomba Lomba

Carlos Pais Costas

Carmen Estévez Valverde

Carmen Pacheco Barbosa

Carmiña Pérez Alonso

Clemente Bastos Estévez

Concepción Ortega Martínez

Consuelo Vilán Carvajal

Cristina Vilar Misa

Evangalina Sotelo Germade

Evaristo Fernández Lorenzo

Félix Cal Cortizas

Fernando Cuñarro Pintos

Ignacio Bastón García

Inocencia Rodríguez González

Isabel Urgal Domínguez

Javier Castro Rodríguez

Jesús Bernárdez Solla

Jesús López Méndez

Jesús Míguez Rivas

José Benito González Martínez

José Carlos Villaverde Román

José González Martínez

José Israel Hermelo Martínez

José Luis Lorenzo García "Colón"

José Manuel Rodríguez Crespo

Juan Manuel Gregorio Vaqueiro



7. Agradecementos

Julián González Marquier

Luis Acevedo Pacheco

Magdalena Ramonet Otero

Manuel Cadilla Rodríguez

Manuel Currás Chapela

Manuel Javier Crespo González

Manuel Martínez Fernández

Manuela Pacheco Barbosa

Mar Lorenzo Gómez

Mari Carmen Pacheco Barbosa

María Carmen Falcón Carvajal

María Costas Torres

María Rita González Martínez

María Rodríguez Vilas

Martina Pérez Domínguez

Mercedes Lomba Baz

Miguel Dacosta Rial

Miguel Diamantino Ríos Casal

Norberto Fernández González

Paula Soto Viñas

Pilar Refojos Giráldez

Ricardo Alonso Areal

Rita Miguez de la Iglesia

Rosa María Méndez García

Rubén Pino Pérez

Salvador Castro Otero

Sira Pereira Cividanes

Sonia Gómez Cividanes

Vicente Caramés

Vicente Pacheco Rodríguez

Virginia M. Campos Cividanes

Xosé Lois Vilar



7. *Agradecementos*

Asociación Cultural A Cepa de Cangas

Asociación de Naseiros Alvedosa de Arcade

Asociación de Redeiras do Baixo Miño Atalaia

Asociación de Redeiras Profesionais O Cerco de Cangas

Asociación Empresarial de Espadeiros Guardeses

Autoridade Portuaria de Vigo

Cal 3 Fotografía de Redondela.

Concello de A Guarda

Concello de Baiona

Concello de Cangas do Morrazo

Concello de Moaña

Concello de Nigrán

Confraría de Pescadores "La Anunciada" de Baiona

Confraría de Pescadores "Pedra de Oliveira" de Vilaboa

Confraría de Pescadores "San Cipriano" Aldán Hío

Confraría de Pescadores "San José" de Cangas

Confraría de Pescadores "San Juan" de Redondela

Confraría de Pescadores "San Martín" de Moaña

Confraría de Pescadores "Santa Tecla" de A Guarda

Confraría de Pescadores "Virxe do Carne" de Arcade

Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo

Restaurante Xantar de A Guarda





8. Relación de persoas entrevistadas

8. *Relación de persoas entrevistadas*

Agustín Míguez Barreiro
Amelia Cividanes Carabelos
Antonio Álvarez Freijanes
Antonio Fernández Sotelo
Antonio Garrido Pousa
Bernardo Lomba Lomba
Carlos Pais Costas
Carmen Estévez Valverde
Carmen Pacheco Barbosa
Clemente Bastos Estévez
Consuelo Vilán Carvajal
Evangelina Sotelo Germade
Evaristo Fernández Lorenzo
Ignacio Bastón García
Inocencia Rodríguez González
Javier Castro Rodríguez

Jesús López Méndez
Jesús Míguez Rivas
José Benito González Martínez
José González Martínez
Juan Manuel Gregorio Vaqueiro
Luis Acevedo Pacheco
Magdalena Ramonet Otero
Manuel Cadilla Rodríguez
Manuel Currás Chapela
Manuel Martínez Fernández
Manuela Pacheco Barbosa
María Carmen Falcón Carvajal
María Costas Torres
María Rita González Martínez
María Rodríguez Vilas
Martina Pérez Domínguez

Mercedes Lomba Baz
Miguel Dacosta Rial
Miguel Diamantino Ríos Casal
Norberto Fernández González
Ricardo Alonso Areal
Rita Miguez de la Iglesia
Sonia Gómez Cividanes
Vicente Pacheco Rodríguez
Virginia Mercedes Campos Cividanes





9. *Bibliografia e fontes documentais*


9. Bibliografía

- Alonso, Eliseo. *Gamelas y marineros*. Deputación Provincial de Pontevedra. 1987.
- Alonso, Eliseo. *Pescadores del Río Miño (tramo gallego y portugués)*. Deputación Provincial de Pontevedra. 1989.
- Alonso Romero, Fernando. *Crenzas e Tradicións dos pescadores galegos, británicos e bretóns*. Xunta de Galicia. 1996.
- Asociación Cultural A Cepa. *Cangas Viva 1940-1975*. 2008.
- Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas Ondas!. *Un Mar de Tesouros. Proxecto Tesouros vivos do patrimonio marítimo inmaterial de A Guarda*. Concello de A Guarda. 2013.
- Barreiro Troncoso, Héctor. *Bayona de Galicia. Pasado y presente de la real villa histórica, turística y marinera*. Deputación de Pontevedra. 2012.
- Barreiro Troncoso, Héctor. *Refráns, ditos e motes baionenses*, na publicación *Contribución a una bibliografía de Bayona La Real* de Nieto González, Remigio. Biblioteca Pública Municipal de Baiona. 1973.
- Concellería de normalización lingüística. Concello de Redondela. *O traballo e a fala mariñeira de Redondela*. 2004.
- Consellería de pesca, marisqueo e acuicultura. Xunta de Galicia. *Mariscos de Galicia*. 1990.
- Domínguez Portela, Soraya. *Achega ó vocabulario mariñeiro do Val Miñor*. *Cadernos da Lingua nº 25*. Real Academia da Lingua. 2003.
- Dorado Senra, Luis; Ferreira Lorenzo, Agustín. *A costa do Baixo Miño*. Asociación Naturalista do Baixo Miño, Anabam. 2000.



9. Bibliografía

- Fernández Rei, Francisco (coordinador) Directores: Constantino García e Antón Santamarina. *Atlas lingüístico galego. Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. Tomo IV. Fundación Pedro Barrié de la Maza. 2003.
- Ferro Ruibal, Xesús. *Refraneiro galego básico*. Editorial Galaxia. 1987.
- González Pérez, Clodio. *O refraneiro do mar*. Deputación Provincial de Pontevedra. 1988.
- Graña Rúa, Serafín. *Taberna de Soños. Versos de Serafín*. Asociación Cultural A Cepa. Cangas. 2006.
- Graña, Bernardino. *Mar de Soños*. Asociación Cultural A Cepa. Cangas. 2011.
- Leiro Lois, Adela; Daporta Padín, Mon. *Os recursos Mariños*. Edicións A Nosa Terra. 1998.
- Pino Álvarez, Juan José. *Alcumes, apodos e motes en Cangas de Morrazo*. Museo de Pontevedra. 2001.
- Rial, Cecilio. *Romaría de Soños*. Asociación Cultural A Cepa. Cangas. 2013.
- Rodríguez Santamaría, Benigno. *Diccionario de artes de pesca de España y sus posesiones*. Sucesores de Rivadeneyra S.A. Artes Gráficas. Madrid. 1923.
- Rodríguez Villanueva, X. L. e Vázquez, Xavier. *Peixes do mar de Galicia, vol. I, II e III*. Edicións Xerais. 1992.
- Sacau Rodríguez, Gerardo. *Os nomes beiramariños. Desde Cabo Silleiro ata o Porto da Guarda*. Instituto e Estudos Vigueses. 2007.
- Santos Castroviejo, Iago; Nores Soliño, Antonio. *Historia de Cangas 1900-1936, unha ribeira de pescadores*. Edicións A Nosa Terra. 2005.
- Santos, Pepe O Poeta. *Veleiro de Soños*. Asociación Cultural A Cepa. Cangas. 2003.



9. Bibliografía

- Torres Vázquez, Luis. *Repertorio Tabernario*. Asociación PAS da Universidade de Vigo-Campus de Pontevedra. 2012.
- Varios autores. *A pesca no concello de Cangas*. Concello de Cangas. 1991.
- Varios autores. *Obradoiro de diferenciación e recoñecemento de especies pesqueiras do mercado galego*. Xunta de Galicia. 2005.
- Varios autores. *El hombre y el mar en la costa suroeste de Pontevedra*. Deputación Provincial de Pontevedra. 1990.
- Varios autores. *Novos lances nos laños do Morrazo. Nova recollida de unidades fraseolóxicas*. Cadernos de fraseoloxía galega 14, 273-286. Xunta de Galicia. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. 2012.
- Varios autores. *Unha maré de palabras*. Xunta de Galicia e Museo Massó. 2005.
- Vázquez Saco, Francisco. *Refraneiro Galego e outros materiais de tradición oral*. Cadernos de Fraseoloxía Galega 5. Xunta de Galicia/Consellería de Educación e Ordenación Universitaria/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. 2003.
- Vergara Martín, Gabriel María. *Refranero geográfico Español*. Casa editorial Hernando. 1986 (2ª edición) [1936].



9. *Fontes documentais*

Arquivo de Tradición Oral do Concello de Moaña.

Arquivo Documental da Deputación Provincial de Pontevedra.

Arquivo Fotográfico da Asociación Cultural A Cepa. Cangas do Morrazo.

Arquivo Fotográfico da Memoria do Mar. Museo do Mar de Galicia.

Arquivo Sonoro de Galicia. Instituto da Língua Galega. Universidade de Santiago de Compostela.

Audiovisuais das Mostras de Tradicións Mariñeiras: *Xentes do Mar* e *Lendas do Mar*. Concello de A Guarda.

Autoridade Portuaria de Vigo. Arquivo Xeral do Porto de Vigo.

Disionario da Revolucionaria Academia Morrasense da Língua. <http://disionariomorrasense.blogspot.com.es/>

Fondo Documental do Museo do Pobo Galego.

Paremio Rom. Paremiología romance. Refranes meteorolóxicos y territorio: <http://stel.ub.edu/paremio-rom.es>.

Revista Ardentía. Federación pola Cultura Marítima e Fluvial.

RTVG. Programa De quen ves sendo?. Capítulo Un mar de nomes. Data de emisión: 03/1/2013.

<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/un-mar-de-nomes>

Sección fondo local da biblioteca do Concello de Baiona.

Sección fondo local da biblioteca do Concello de Cangas do Morrazo.





Europa inviste na pesca sustentable

www.accioncosteira.es